

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de maio de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día dezoito de maio de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(849).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(850).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A INSTALACIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE MARQUESINAS, SOPORTES DE INFORMACIÓN E OUTRO INMOBILIARIO URBANO.EXPTE. 72280/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a El Mobiliario Urbano, S.L. o concurso para a instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo público de marquesiñas para paradas de autobus, soportes de información e demais elementos urbanos de interes expte 72280-210, as características máis suliñables do contrato son:

O canón a aboar o concello de Vigo será de 160 euros/metro cadrado de publicidade comercial. A superficie ofertada para publicidade comercial é de 970,20 m2 e a destinada a información é de 2.444,76 m2.

O número de marquesiñas a instalar antes do 31-12-2007 é de 277, das que 180 levaran publicidade.

O número de pantallas informativas dixitais será de 160.

O número de postes de parada de autobus será de 1500.

90 soportes de informacións estática tipo MUPI.

10 soportes de información estáticos tipo columna.

11 soportes de información interactivos.

14 paneis informativos electrónicos modelo hydra.

14 paneis informáticos de ocupación de aparcadoiros públicos.

8 aseos automáticos de acceso universal.

30 soportes de libre expresión modelo hydra.

En canto as melloras ofertadas serán as recollidas no apartado 10 do tomo 2 da súa oferta económica.”

Incorpóranse ó expediente, antes da súa aprobación, os documentos ós que se refire o informe de Intervención Xeral de data 16.05.07, xustificativos de que o licitador proposto para a adxudicaicón está ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

D^a. Lucía Molares Pérez